

*PROGRAMACIÓN*

*VALORES ÉTICOS*

*CURSO 2022/23*

*2º e 4º ESO*



## Contenido

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
3. CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS PARA O CURSO.....	6
3.1. Obxectivos da ESO.....	7
4. CONCRECIÓN POR NIVEIS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR NIVEIS.....	10
4.1. Valores éticos 1º ESO.....	¡Error! Marcador no definido.
4.2. Valores éticos 2º ESO.....	11
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	26
5.1. Metodoloxía semi presencial.....	¡Error! Marcador no definido.
5.2. Metodoloxía online.....	¡Error! Marcador no definido.
6. MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN EMPREGAR.....	27
7. AVALIACIÓN.....	27
7.1. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	28
7.1.1. Procedementos de avaliación.....	28
7.1.2. Avaliación contlnua semi presencial.....	¡Error! Marcador no definido.
7.1.3. Avaliación contlnua non presencial.....	¡Error! Marcador no definido.
7.1.4. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	30
7.1.5. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	30
7.1.6. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.....	31
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....	34
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	35

**11. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. ....35**

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A modificación realizada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En desenvolvemento normativo posterior, o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, estableceu o currículo básico desas dúas etapas.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dítase en exercicio das competencias propias de Galicia no desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal.

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

## 1.1. Contextualización do IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Esta Programación, concretada para a Ensinanza Secundaria Obrigatoria (2º e 4ª da ESO) está axustada aos plantexamentos do Proxecto Educativo do do IES Pedra da Agua, as características dos alumnos (físicas, psicolóxicas, socioafectivas) e as directrices establecidas no Currículum Oficial para Valores Éticos recollidas en diferentes fontes lexislativas.

O instituto está nun entorno rural situado no Concello de Camariñas, no lugar de Ponte do Porto.

Profesores: Xavier Brey Ferreiro (4º ESO) e Felipe Bueno Palomino (2º ESO).

Os grupos de alumnos aos que se destina esta programación durante o presente curso, son os seguintes:

<b>2º ESO</b>	<b>4º ESO</b>
2ºA: 13	4ºA: 26
2ºB: 8	

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

## **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.**

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumando vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisión para guiar a súa conduta de tal xeito que realice a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relación sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

### **3.1. Obxectivos da ESO**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, e as manifestacións de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.



n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONCRECIÓN POR NIVEIS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR NIVEIS.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

## 4.1. Valores

## éticos

2º

ESO

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.</li> <li>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.</li> <li>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos.</li> <li>▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.</li> <li>▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.</li> <li>▪ B3.10. Intellectualismo moral en Sócrates e Platón.</li> <li>▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intellectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.</li> <li>▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.3. Elaborar, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.</li> <li>▪ B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoien a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.8.2. Enumera as características que fan do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.</li> <li>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.</li> <li>▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. A política de Aristóteles.</li> <li>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.</li> <li>▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h		diferenzas e relacións.	vínculos entre a ética e o dereito.	
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.</li> <li>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</li> <li>▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.</li> <li>▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
▪ a ▪ d ▪ g ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

## 4.2. Valores éticos 4º ESO

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.</li> <li>▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.</li> <li>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.</li> <li>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</li> <li>▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</li> <li>▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</li> <li>▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.</li> <li>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			fundamentais da persoa.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.</li> <li>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Democracia e xustiza.</li> <li>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.</li> <li>▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.</li> <li>▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis.</li> <li>▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.</li> <li>▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz.</li> <li>▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.</li> <li>▪ B5.9. Ameazas á paz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>		xurdiron nos últimos tempos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españois coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.</li> <li>▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas.</li> <li>▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>



Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Empregarase unha metodoloxía moi baseada na entrega de textos de traballo para comentar. Estes textos serán traballados na aula e a continuación explicados. O normal será o uso do caderno como base para a preparación de aspectos singulares dos contidos e o debate como clarificador ou forma de practicar o aprendido. Os propios contidos, obxectivos e contidos mínimos serán os que marquen actividades complementarias como fichas, textos, fotocopias, etc. Neste curso 2021/22 por mor da pandemia, o caderno empregado será principalmente en E-Dixgal para 2º ESOe 4º ESO

A metodoloxía basearase na seguinte secuencia e na orde que se establece a continuación:

1. Visión global do tema a tratar.
2. Contidos básicos, nocións básicas, clarificación terminolóxica.
3. Dinámica da cuestión, aspectos singulares a destacar.
4. Traballo sobre o tratado, por escrito no caderno, en fichas ou en exercicios.
5. Traballo sobre o tratado, por oral con preguntas directas do profesor ou mediante debates.
6. Recapitulación por parte do profesor a partir dunha pequena exposición.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN EMPREGAR.**

- O propio caderno
- Equipo de son e canon
- Vídeos
- Debates
- Documentais
- Aula virtual do centro

## **7. AVALIACIÓN.**

En xeral, avaliarase tomando en conta os seguintes elementos:

- Participación na clase: debates e preguntas do profesor e responder oralmente.
- Traballo xeral na libreta e/ou E-Dixgal.
- Traballo por fotocopias, individualmente.

- Probas escritas feitas na clase.

O 50% da nota final procede da avaliación das distintas actividades realizadas diariamente na aula, tanto a través das fichas, exposición de traballos de forma oral ou das tarefas presentadas en E-Dixgal.

O 50% do resto da nota é corresponde ás probas feitas na clase.

A avaliación será un proceso continuo, e tamén individualizado, centrándose na evolución de cada alumno: partiremos dunha avaliación inicial que aporte datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre o nivel de desenvolvemento das competencias básicas, os coñecementos previos e as características persoais, que permitan unha atención ás diferencias e unha metodoloxía axeitada.

## **7.1. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**

### **7.1.1. Procedementos de avaliación.**

- Esta será continua a través das “autoavaliacións”, debates na clase, posta en común das diversas opinións e traballos de clase correspondentes aos temas de cada avaliación.

A avaliación realizarase:

1. Recollendo por observación, o nivel de implicación e traballo de cada alumno/a en aspectos como:

- Búsqueda de información.
  - Traballo persoal
  - Resultado final dos discursos ou debates realizados ante o público
2. Intervención na clase a través de:
- Exercicios feitos
  - Notas tomadas polo profesor onde se valorará o hábito de traballo na clase respecto aos contidos e aprendizaxe propios da materia.
  - Participación oral que se faga na clase.
  - Bo estado do material de traballo.
  - Participación activa en traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc realizados na aula.
  - Interese e laboriosidade na aula.
  - Anotacións do profesor derivadas da observación directa da actitude do alumno/a na aula
- 3.- A nota das probas feitas na clase.

### **7.1.2. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Polo carácter particular desta materia, o departamento ten decidida unha atención individualizada dos alumnos/as que precisen recuperación. **A recuperación de ser o caso, farase dende o 6 de xuño ao 22 de xuño de 2022**, ambos inclusive.

Para recuperar a materia ten 2 opcións:

- Entrega e reforma do caderno de clase con todo o que se fixo durante o curso e con boa presentación.
- Entrega dun traballo que previamente será asignado ao alumnado en función das carencias e necesidades do alumnado en concreto.

**En relación as materias pendentes, non se conta con ningún alumno/a nesta situación.**

**O alumnado que xa teña superada a materia, unha vez finalizada a 3ª avaliación poderá subir a nota final ata 1 punto coa realización de tarefas de ampliación.**

**En relación á titulación e promoción do alumnado, sempre e cando cumpra os requisitos recollidos na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, como profesora da materia de Valores Éticos proñoñerei voto a favor das mesmas.**

### **7.1.3. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

A avaliación inicial serán os primeiros programas propostos. Estes datos han servir para poder achegarlle a aquel alumnado que mostre deficiencias graves tanto o material coma o asesoramento e guía para poder cumprir os obxectivos de xeito satisfactorio.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de exercicios
- Adaptación dos exercicios e traballos en cantidade e/ou nivel dos mesmos

#### **7.1.4. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento das programacións didácticas.

Os indicadores servirán para que o profesorado avalie os procesos de ensinanza e a súa práctica docente.

Para iso empregaranse enquisas, preguntas, avaliacións ao profesorado, recollida de datos a través do diario de aula.

-Programación quincenal.

-Preguntas ao final de cada unidade didáctica. Ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

-Valoración e análise dos resultados dos alumnos/as.

-Interacción cos titores/as, comunicación coas familias, a fin de optimizar resultados e mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe.

Empregaranse instrumentos de recollida que seguirán modelos como:

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino	Escala		
	1	2	3
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?			
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado			
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.			
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado			
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?			
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?			



Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?			
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			
<b>Indicadores de logro para avaliar a práctica docente</b>	<b>Escala</b>		
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?			
Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa?			
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?			
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			

Coméntanse co alumnado os fallos máis significativos das probas ou dos exames?			
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e fallos?			
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares			
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Tentárase atender á diversidade en función das súas necesidades, adaptando o material a cada alumno/a en caso de necesidade mediante as medidas de reforzo educativo ou ACS en caso de necesidade.

Tamén se empregarán fichas individualizadas para alumnado que o precise por dificultades cognitivas, visuais, de idioma, etc, ou requira outro tipo de atención por amosar un progreso máis rápido que o resto na consecución de obxectivos.

## 9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitado o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais,

na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

## **10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Dentro desta materia, poderemos ver algún vídeo onde se destaque algún do valor tratado na programación.

## **11. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A valoración e revisión das Programacións é unha fase necesaria para a mellora do proceso educativo. Abordaremos o seu desenvolvemento e cumprimento, a temporalización dos contidos e a consecución dos obxectivos, así como as posibilidades ou necesidades de axuste, corrección e mellora..Finalmente, en cumprimento do establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, DOG do 29 de xuño e outras disposicións relacionadas, ao remate do curso académico incluírase na reunión final de curso un punto relativo á avaliación, revisión, modificación -se é o caso- e establecemento de propostas de mellora que deberán ser recollidas na programación do curso seguinte; toda esta información será vertida na Memoria anual do curso.